



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.00 horas do día 05 de agosto de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ GÓMEZ
D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA
D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ
D^a RAQUEL FONDO PÉREZ

SECRETARIA: D^a ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTORA: D^a LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 22-07-2020. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización: **Non contan**

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: **Non constan**

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: **Non constan**

6.-Petición e aceptación de subvencións: **Solicitud de subvención á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no camiño +, ano 2021.**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

“Solicitud de subvención á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, ano 2020 (procedemento CT302B).

Vista a resolución de data 25 de xuño de 2020 da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT302B), publicadas no DOG núm. 135 do 8 de xullo de 2020.

Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude de subvención para programación culturais Xacobeo 21 mediante a “Memoria técnica de programación Cultura no camiño” por importe de 6.000,00 euros (marcado polas bases), dos que solicitan ao AGADIC como subvención o 80% dos gastos que resulten.

Vista a retención de crédito de 2000,00 € feita pola intervención municipal para este programa do 27.07.2020

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO.- Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, unha subvención ao amparo da bases e convocatoria de subvencións para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT302B), publicadas no DOG núm. 135 do 8 de xullo de 2020., para a realización do seguinte proxecto de programación cultural Xacobeo 21:

-“Memoria técnica de programación Cultura no camiño” por importe de 6.000,00 euros (marcado polas bases), dos que solicitan ao AGADIC como subvención o 80% dos gastos que resulten.

SEGUNDO.- Comprometerse expresamente a realizar o mencionado proxecto para o cal se solicita a subvención no caso de obter a correspondente subvención do AGADIC.

TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e os requisitos establecidos nas citadas bases reguladoras da subvención sobre o compromiso de financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

CUARTO.- Facultar ao Sr Alcalde para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

QUINTO.- Remitir en prazo ao AGADIC a certificación do presente acordo xunto co resto de documentación esixida nas bases da convocatoria.

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PRIMEIRO.- Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, unha subvención ao amparo da bases e convocatoria de subvencións para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21: Cultura no Camiño +, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT302B), publicadas no DOG núm. 135 do 8 de xullo de 2020., para a realización do seguinte proxecto de programación cultural Xacobeo 21:

-“Memoria técnica de programación Cultura no camiño” por importe de máis de 6.000,00 euros (marcado polas bases), dos que solicitan ao AGADIC como subvención o 80% dos gastos que resulten.

SEGUNDO.- Comprometerse expresamente a realizar o mencionado proxecto para o cal se solicita a subvención no caso de obter a correspondente subvención do AGADIC.

TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e os requisitos establecidos nas citadas bases reguladoras da subvención sobre o compromiso de financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; e na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

CUARTO.- Facultar ao Sr Alcalde para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

QUINTO.- Remitir en prazo ao AGADIC a certificación do presente acordo xunto co resto de documentación esixida nas bases da convocatoria.

7. Escritos e comunicacións:

-Circular complementaria sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) 2020.

- Sentencia do Xdo. Do Social nº. 6 A Coruña de Dª Emilia Blanco Rey

- Sentencia do Xdo. Do Socila nº. 2 A Coruña do G.E.S

A XGL dase por enterada

8.- Dación de conta de decretos: **Resolucións dende 20/07/2020 (exp: 2020/G003/000450 RES 431/2020 ata 31/07/2020 (exp: 2020/G003/000494 RES 465/2020**

A XGL dase por enterada.

9.- **ROGOS E PREGUNTAS: Non se presentaron rogos nin preguntas**

Finalizado a orde do día o Alcalde indica que hai unha proposta “**Solicitud de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística. EXP:2020/A002/000003**” para meter por urxencia.

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

En 1º lugar procédese a votar a urxencia e apréciase por unanimidade.
De seguido expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA**Solicitud de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística. EXP:2020/A002/000003**

No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 141, do 16 de xullo de 2020, saíu publicada a Orde do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A).

O obxecto desta orde é aprobar as bases e convocar as axudas, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a fomentar a prestación dun servizo lingüístico, mediante o mantemento ou reforzamento dos existentes para o ano 2020, en concellos ou en agrupamento de concellos con poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes.

No expediente de solicitude consta a documentación que é necesario remitir, de conformidade coas bases que rexen a convocatoria: o documento de solicitude (anexo I) a acreditación de que a entidade local cumpriu co seu deber de remitir as conta xerais do último exercicio ao Consello de Contas, o proxecto descritivo para o que se solicita a subvención (anexo II).

As consideracións legais que hai que ter en conta neste expediente son: a Orde do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Resolución da Alcaldía do 26 de xuño de 2019, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

Polo anterior, propóñolle aos membros da Xunta de Goberno Local que adopten o seguinte ACORDO:

1. Solicitarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, unha subvención para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A).
2. Comprometerse a executar o proxecto obxecto da subvención polo valor mínimo equivalente ao da axuda que a Secretaría Xeral de Política Lingüística lle outorgue ao Concello de Ponteceso.
3. Aceptar as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.
4. Facultar o alcalde para as actuacións precisas para executar este acordo.
5. Remitirlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, o certificado deste acordo xunto coa demais documentación que esixen as bases recollidas na Orde do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A).

Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PRIMEIRO.- Solicitarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, unha subvención para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A).

SEGUNDO.- Comprometerse a executar o proxecto obxecto da subvención polo valor mínimo equivalente ao da axuda que a Secretaría Xeral de Política Lingüística lle outorgue ao Concello de Ponteceso.

TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na convocatoria.

CUARTO.- Facultar o alcalde para as actuacións precisas para executar este acordo.

QUINTO.- Remitirle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura e Turismo, o certificado deste acordo xunto coa demais documentación que esixen as bases recollidas na Orde do 18 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PL400A).

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás nove horas e 21 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D^a Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.